



Ortigueira acolleu o pasado 9 de agosto a primeira proba de Rastro de Corzo

Con moita expectación e afluencia de numerosos cazadores de rastro, o pasado 9 de agosto, o tecor da sociedade de cazadores Ortegal era o escenario da I proba de Rastro sobre o Corzo, que baixo a organización da Federación Galega de Caza na Coruña, tentaba servir como experiencia piloto de cara a súa implantación como competición oficial.

A competición rexíase polo regulamento de Cans de Rastro, e nela valorábase o traballo en equipo dos cans, o xeito de rastrexar, levantar e segui-lo corzo.

Na proba, que se desenvolvía en catro campos, participaban 48 cans divididos en lotes de seis, conseguindo todos levanta-la peza obxecto do concurso, e por tanto puntuando todos deles.

A clasificación por campos, quedaba do xeito seguinte:

CAMPO "A":

- 1º. Carlos Alberto Arnos García da Sociedade Villarmayor (Ordes)
 - 2º. Miguel Angel Arnos García da Sociedade Villarmayor (Ordes)
- Mellor can: "Leo" de Miguel Angel Arnos

CAMPO "B":

- 1º. Eugenio Martínez Abad da Sociedade San Martín (Vilasantar)
 - 2º. Francisco Javier Vázquez Candal da Sociedade O Gatillo (Ordes)
- Mellor can: "Kiko" de Javier Vázquez

CAMPO "C":

- 1º. Juan Cal Balseiro da Sociedade Ortegal (Ortigueira)
 - 2º. Pablo Raña Regueira da Sociedade O Gatillo (Ordes)
- Mellor can: "Loba" de Juan Cal

CAMPO "D":

- 1º. José A. Castro Picos da Sociedade San Sadurniño (San Sadurniño)
 - 2º. Fabian Barge Vilela da Sociedade Cedeira
- Mellor can: "Sira" de José Castro

